

## [Galego] CUT recorre ante o TSXG a decisión de prohibir a manifestación do 1 de Maio

CUT GALIZA :: 22/04/2020

A CUT chama a manifestarse o 1º de Maio cunha caravana de coches en Vigo

**O sindicato recorre ante o TSXG a decisión da Subdelegación do Goberno de prohibir tácitamente a caravana, xa que a Central entende que o estado de alarma non suspende o dereito de manifestación**

A Central Unitaria de Traballadoras ten previsto **conmemorar este 1º de Maio, Día Internacional da Clase Obreira**, cunha manifestación que se desenvolverá **por medio dunha caravana de coches** que percorrerá as principais rúas de Vigo.

Este inusual formato para celebrar a data más importante no calendario anual do movemento obreiro obedece á necesidade de conxugar o dereito de manifestación coa adopción de medidas extremas de protección que **baixo ningunha condición incrementen o risco sanitario**. Neste sentido, o sindicato preveu unha manifestación ordeada e organizada onde se contemplan medidas relativas á utilización de máscaras e luvas no interior dos vehículos, así como a prohibición de sair dos mesmos.

**A manifestación comezará ás 11 horas do vindeiro venres 1 de maio na Praza de España** para rematar contra as 12 e media diante do edificio da Xunta de Galicia, percorrendo as rúas de Gran Vía en dirección Travesas, a Avenida de Castelao ata o barrio de Navia, Bouzas, Orillamar, Rúa Coruña, Gran Vía, Pizarro, Buenos Aires, Sanjurjo Badía e Arenal, para finalizar en Concepción Arenal.

A Subdelegación do Goberno de Pontevedra recibiu este pasado luns 20 de abril a comunicación preceptiva desta manifestación por parte do sindicato, na que se argumentaba que, malia o estado de alarma, **non se encontra en suspensión ningún dos dereitos fundamentais**, polo que a CUT entende que é posible manifestarse, quedando o sindicato a disposición da Subdelegación por se esta ou as autoridades sanitarias querían achegar algún tipo de indicación.

A Subdelegada do Goberno limitáse a dicir na resposta que lle enviou onte ao sindicato que, na situación actual, “non pode trasladar un criterio sobre esta celebración e, menos aínda, avaliar a repercusión que, sobre as alteracións de orde pública ou doutra natureza....puidera ter o desenvolvemento da referida manifestación”, para concluir que o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, “non contempla, entre as actividades excepcionadas da limitación xeral para circular, os desprazamentos coa finalidade exposta na súa comunicación”.

**A CUT vai recorrer hoxe ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) a decisión da Subdelegación do Goberno** e só celebrará a manifestación se o Tribunal se

pronuncia a favor do mantemento da mesma.

Para o sindicato resultaría aberrante e extremadamente grave que se prohibise esta caravana de coches perfectamente organizada cando estamos asistindo a cotío ás que celebran as forzas de seguridade ou as ambulancias para conmemorar aniversarios infantís ou de figuras como Amancio Ortega.

[https://cutgaliza.org/2020/04/22/cut-recorre-ante-o-tsxg-a-decision-de-prohibir-a-manifestacion-do-1-de-maio/?fbclid=IwAR3w3IRg75z\\_vRCBIHRVBQ86JqvmTZh6Kftpg8YG8s\\_rBVXkfEttyn8Gw](https://cutgaliza.org/2020/04/22/cut-recorre-ante-o-tsxg-a-decision-de-prohibir-a-manifestacion-do-1-de-maio/?fbclid=IwAR3w3IRg75z_vRCBIHRVBQ86JqvmTZh6Kftpg8YG8s_rBVXkfEttyn8Gw)

---

<https://galiza.lahaine.org/galego-cut-recorre-ante-o>